

II PREMIO CARLOS CANEIRO DE RELATO CURTO PARA XÓVENES ESCRITORES 2009

O C.P.I. Laureano Prieto de A Gudiña (Ourense), a través do seu Clube de Lectura "Círculo Vermello", co obxectivo de fomentar a creación literaria entre os xóvenes convoca o II Premio Carlos Caneiro de relato curto en lingua galega.

B A S E S

1. ¿QUEN PODE PARTICIPAR?

Alumnos/as que estén cursando 3º ou 4º da ESO, e 1º ou 2º de Bacharelato. Non poderán presentarse aqueles alumnos/as que xa resultasen premiados na edición anterior.

2. ¿QUE PODES PRESENTAR Ó CONCURSO?

Un **RELATO**, escrito en lingua galega, orixinal e inédito. O tema e estilo serán libres. A súa extensión será de 3 páxinas como máximo. Os traballos presentaránse en tamaño A4, a espazo 1,5, con tipo de letra Times New Roman e tamaño de corpo 12. Cada participante poderá entregar un traballo como máximo.

3. PREMIOS

Poderá elixirse un premio dos dous seguintes:

➤ Fin de semana no parque de atraccións Warner en Madrid con noite de hotel para dúas persoas, incluído traslado de ida e volta xunto con entradas para un museo da cidade a elixir polo gañador.

➤ Un miniordenador portátil

O gañador recibirá un diploma acreditativo.

O relato gañador xunto cos participantes e un relato de Carlos Caneiro será publicado nun libro ao efecto.

NOTA: O gañador comprométese a recoller persoalmente o premio.

4. XURADO E ELECCIÓN DO GAÑADOR

Haberá un xurado inicial conostituído polos alumnos/as que forman parte do clube de lectura "Círculo Vermello" do centro, xunto con dous profesores. Este xurado elixirá mediante votación, do total de obras presentadas, 4 finalistas.

Un segundo xurado, presidido polo escritor Carlos Caneiro, e constituído por tres profesores máis do centro, seleccionará a obra gañadora tamén mediante un proceso de votacións.

O fallo do xurado será o 17 de abril de 2009 e a entrega do premio terá lugar nun acto presidido por Carlos Caneiro en datas próximas ao día do libro na biblioteca do CPI Laureano Prieto.

5. ¿ATA CANDO?

A recepción de orixinais rematará o 23 de marzo de 2009.

6. ¿COMO PRESENTAR OS ORIXINAIS?

Os traballos serán enviados por correo electrónico, como arquivo tipo Microsoft Word, (extensión .doc) adxunto ao enderezo electrónico: cpi.laureano.prieto@edu.xunta.es, especificando no asunto: II Premio Carlos Caneiro de relato curto.



(Acto de entrega do premio o I Concurso de relatos celebrado en abril de 2008)

7. ¿COMO TE IDENTIFICAS?

O correo electrónico deberá conter dous arquivos adxuntos:

1) Datos persoais: Nome, apelidos, enderezo completo persoal e do centro, teléfono persoal e do centro.

Seudónimo.

Título do traballo e modalidade.

IDADE, estudos que cursas e DNI

2) Obra que presentas coseudónimo empregado.

8. DÚBIDAS

- Para calquera dúbida podes telefonar ó teléfono 988 421140

- As dúbidas non resoltas ou calquera continxencia sobre estas bases serán resoltas pola organización e, no seu caso, polo xurado.

- Os orixinais non premiados nin seleccionados para a súa publicación non serán devoltos, destruíránse unha vez fallado o certame.

- O feito de participar no certame supón a aceptación das presentes bases

